

DECRETO

ASUNTO: BASES E SOLICITUDE DE OFERTA DE EMPREGO O SEPG DOUS TRABALLADORES DESEMPREGADOS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, 6 MESES A MEDIA XORNADA, EN LABORES DE SEGURIDADE CIDADADA.

Visto que pola Consellería de Economía emprego e industria, mediante resolución da Xefa territorial de Lugo da citada consellería de data 27/10/2017, lle foi concedida subvención a este Concello para a contratación de dous traballadores/as desempregados con carácter temporal (6 meses a media xornada) mediante a modalidade de contrato de duración determinada de interese social. Procedede aprobalas bases que rexeran o proceso selectivo e remitir ó Servizo de Emprego Público a correspondente solicitude de oferta de emprego que se axuste ó disposto pola mencionada subvención e a orde do 2 de maio de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a usa convocatoria para o exercicio 2017 publicada no DOGA nº 87 de 8 e maio de 2017.

Polo exposto

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as seguintes bases que rexeran o proceso selectivo de dous traballadores / as desempregados con carácter temporal (6 meses a media xornada) mediante a modalidade de contrato de duración determinada de interese social.

BASES PARA A SELECCION DE DOUS TRABALLADORES /TRABALLADORAS DESEMPREGADOS PARA LABORES DE SEGURIDADE CIDADADA, POR PERIODO DE 6 MESES A MEDIA XORNADA.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E NORMATIVA APLICABLE

É obxecto da convocatoria a contratación de dous traballadores / as desempregados con carácter temporal (6 meses a media xornada) mediante a modalidade de contrato de duración determinada de interese social.

O amparo da subvención concedida a este concello pola Consellería de Economía emprego e industria mediante resolución da Xefa territorial de Lugo da citada consellería de data 27/10/2017.

A presente selección regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido; no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, no Real Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con



carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables, así como na orde do 2 de maio de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a usa convocatoria para o exercicio 2017 publicada no DOGA nº 87 de 8 e maio de 2017..

1.1. FUNCIONES.

O persoal seleccionado realizará funcións de seguridade cidadá, calidade e garantías nas actividades programadas dende o concello dedicadas a diferentes colectivos de persoas ou bens, apoio na organización de ventos deportivos, culturais e aquelas intervencións onde a afluencia de xente ou pola natureza da actividade requiran un grupo de intervención rápida e de protección especial.

Así como calquera outras que resulten necesarias e axustadas a súas funcións que se lles poidan encomendar.

1.2 REMUNERACIÓN

MEDIO AMBIENTE, PROTECCIÓN CIVIL E PROMOCIÓN ECÓNOMICA						
1 MES						
POSTO	XORNADA	BRUTO	PPE	TOTAL	SS EMP. 37,8% CNAE 8411D	TOTAL
PEÓN	50%	692,30 €	115,38 €	807,68 €	305,30 €	1.112,98 €

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos neste proceso de selección as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Estar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia (S.E.P.G) como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.
- Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación do organismo competente.
- Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer



funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Ser preseleccionado/a polo S.E.P.G.

g) As persoas aspirantes que fixeran valer a súa condición de persoa con discapacidade deberán presentar certificado que acredite tal condición, que deberá ser efectuado polo Órgano competente nos termos desenvolvidos regulamentariamente, así como, certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

3.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

Oposición.

Exercicio da fase de oposición, obrigatorio e eliminatorio, consistirá na resposta por escrito dun cuestionario breve plantexado polo tribunal, pode consistir ben en cuestións tipo test con varias respostas alternativas ou ben en preguntas curtas, ou en ambas opcións, relacionadas co programa adxunto. Puntuarase cun máximo de 10 puntos.

A vista do exercicio proposto corresponderalle ó tribunal determinar o nivel de coñecementos e o número de respostas acertadas necesarias para superalo exercicio.

Neste exercicio valorarase a corrección das respostas, a capacidade de expresión e claridade nas mesma.

No caso de empate dun número de aspirantes superior as prazas ofertadas (2) os aspirantes para o desempate realizarán unha breve entrevista co tribunal onde se valorará a súa capacidade e disposición para o desempeño das funcións obxecto da selección. O tribunal pode tamén formularlles preguntas relacionadas co temario anterior.

Temario

1. SITUACIÓNS DE GRAVE RISCO, CATÁSTROFES E CALAMIDADES PÚBLICAS. ACTUACIÓNS PREVENTIVAS E DE PROTECCIÓN.
2. MATERIAL BÁSICO A UTILIZAR NUN SERVIZO MUNICIPAL DE INTERVENCIÓN RÁPIDA. VEHÍCULO. PRIMEIROS AUXILIOS.
3. A LEI 39/2015 DE PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN e a Lei 40/2015 DE RÉXIME XURÍDICO DO SECTOR PUBLICO.
4. A ORGANIZACIÓN MUNICIPAL: O ALCALDE, O PLENO, A XUNTA DE GOBERNO LOCAL E OUTROS ÓRGANOS.
5. TERRITORIO DA COMARCA DE MONFORTE DE LEMOS: RUEIRO, EDIFICIOS MUNICIPAIS, PARROQUIAS, PRINCIPAIS EDIFICIOS E LUGARES DE INTERÉS XERAL.....

4.- TRIBUNAL

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 21/11/2017
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 21/11/2017
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/11/2017 11:47:55

DECRETO: 2017001028



A súa composición colexiada deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O órgano de selección estará composto polo presidente/a, o secretario/a e tres vogais así como os respectivos suplentes, sendo as persoas nomeadas a tal efecto:

- Presidente: Don Nestor Alvarez López (Policía Local deste Concello)
- Suplente: María Inmaculada Buján Arias. (Funcionaria deste Concello)
- Vogais: Juan Carlos Prado Díaz, Carlos Fernández Rodríguez, Manuel Fernández Alvarez. (Persoal laboral fixo e funcionarios deste Concello)
- Suplentes: Don Ramón Pérez González, Dona Cristina Prada Rey e don Manuel Dacal Rivera (Funcionarios deste Concello)
- Secretario: Elisa Martínez Arias. (Funcionaria deste Concello)
- Suplente: Sonia Rois Fernandez . (Funcionaria deste Concello)

Abstención e Recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei.

Actuación do Tribunal.

O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.



O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

6. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Vistos os resultados do exercicio da fase de oposición, e de ser necesario da entrevista para o desempate, o tribunal formulará proposta de contratación, sen que esta poda superar o número de postos convocados, das persoas coa maior puntuación, remitindo dita proposta a alcaldía. A contratación será efectuada polo Sr. Alcalde asinándose o correspondente contrato laboral. A relación dos candidatos que serán contratados se cumpren o previsto na base seguinte, asinada pola Alcaldía, será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal (<http://www.monfortedelemos.es/>) . Os restantes candidatos, pola orde decrecente da puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o seleccionado cese no seu posto de traballo antes do remate do contrato e polo tempo que reste para o cumprimento do mesmo. Igualmente poderá formarse, se a Corporación o estima conveniente, unha bolsa de aspirantes para ser contratados en futuros programas se resultan preseleccionados.

8.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN/ RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

As persoas aspirantes que resulten seleccionados e propostas polo Tribunal deberán presentar ó día seguinte o da proposta de contratación os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

- 1.Fotocopia compulsada do DNI ou NIE en vigor e da tarxeta da Seguridade Social.
- 2.Tarxeta de demandante de emprego.
- 3.Certificado de conta bancaria.
- 4.Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade para a función pública de conformidade coa lexislación vixente.
- 5.Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza.
6. Declaración xurada de continuar inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia (S.E.P.G) como persoas demandantes non ocupadas no momento de proceder á firma do contrato.

Comprobado que reúnen os requisitos esixidos para o contrato, o Sr. Alcalde-Presidente ditará decreto resolvendo a contratación e formalizará cos seleccionados o correspondente contrato laboral temporal, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable .

9.- NORMATIVA E IMPUGNACIÓN.

No non sinalado nas presentes Bases de selección estarase ó previsto na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose ós órganos competentes da Xurisdición Contencioso-administrativa para dirimir as controversias que poidan producirse na aplicación destas bases.



Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados/as lexitimados/as os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios. Se transcorrera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpoñer recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Segundo.- Remitir ó Servizo de Emprego Público Galego solicitude de oferta de emprego que se axuste ó disposto pola mencionada subvención e a orde do 2 de maio de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a usa convocatoria para o exercicio 2017 publicada no DOGA nº 87 de 8 e maio de 2017.

Terceiro.- Publicar este acordo no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario

